

Consello de Contas
de Galicia



**INFORME FISCALIZACIÓN DO
PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DO
INVENTARIO DE BENS DO SERGAS**

EXERCICIOS 2015-2016

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	11
I.1. OBOECTIVOS E ALCANCE	11
I.2 LIMITACIÓNS	12
II. NORMATIVA APLICABLE.....	12
III. CONTABILIDADE PATRIMONIAL E INVENTARIO DO SERGAS	12
IV. PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DO INVENTARIO	16
IV.1. FERRAMENTAS INFORMÁTICAS	16
IV.2. PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E REXISTRO	17
IV.2.1. Documentación soporte.....	17
IV.2.2. Procedemento de xestión	18
IV.2.3. Análise da xestión do inventario	20
IV.3. ANÁLISE CUANTITATIVA DO INVENTARIO (EXERCICIOS 2015 E 2016)	22
IV.3.1. Análise comparativa dos bens inmobles.....	28
IV.3.2. Análise comparativa dos bens mobles.....	31
V. CONCLUSIÓNS.....	33
VI. RECOMENDACIÓNS.....	33
ANEXOS.....	35
ALEGACIÓNS	39
RÉPLICA ÁS ALEGACIÓNS.....	49

ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1: Altas e baixas do inventario 2015-2016 (miles de euros)	23
Cadro 2: Evolución bens inmoables 2012-2016 (miles de euros).....	23
Cadro 3: Evolución bens mobles 2012-2016 (miles de euros)	24
Cadro 4: Altas de bens inmoables en 2016 (miles de euros)	24
Cadro 5: Baixas de bens inmoables en 2016 (miles de euros)	25
Cadro 6: Altas de bens mobles 2016 nas EOXIS (en miles de euros).....	26
Cadro 7: Baixas de bens mobles 2016 nas EOXI (en miles de euros)	27
Cadro 8: Variación dos bens inmoables 2015-2016 segundo a súa natureza (miles de euros)	28
Cadro 9: Variacións dos bens inmoables 2015-2016 segundo a súa titularidade (miles de euros)	28
Cadro 10: Variación dos bens inmoables 2015-2016 segundo o modo de incorporación (miles de euros)	29
Cadro 11: Variación dos bens inmoables 2015-2016 segundo a tipoloxía (miles de euros)	30
Cadro 12: Variacións dos bens inmoables 2015-2016 por centro de gasto (miles de euros).....	30
Cadro 13: Variación dos bens mobles 2015-2016 segundo a súa natureza (miles de euros)	31
Cadro 14: Variación dos bens mobles 2015-2016 segundo a súa titularidade (miles de euros)	31
Cadro 15: Variacións bens mobles 2015-2016 por centro de gasto (miles de euros).....	32

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1: Contabilidade orzamentaria e económico-patrimonial.....	13
Gráfico 2: Interrelación entre as aplicacións informáticas de xestión.....	16
Gráfico 3: Evolución bens inmobles 2012-2016.....	23
Gráfico 4: Evolución bens mobles 2012-2016.....	24
Gráfico 5: Procedencia dos bens inmobles inventariados atendendo ao seu importe a 31.12.2016.....	28
Gráfico 6: Variación bens inmobles segundo a súa titularidade 2015-2016.....	29
Gráfico 7: Procedencia dos bens mobles inventariados atendendo ao seu importe a 31.12.2016.....	32
Gráfico 8: Variación bens mobles segundo a súa titularidade 2015-2016.....	32

ÍNDICE DE ANEXOS

Anexo 1: Mostraxe de activos da unidade de hemodiálise do CHUS	37
Anexo 2: Mostraxe de activos da unidade de urxencias do CHOP	38

ABREVIATURAS

CA	Comunidade Autónoma
CHOP	Complexo Hospitalario de Pontevedra
CHUS	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago
EOXI	Estrutura Organizativa de Xestión Integrada
LPCAG	Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia
LSG	Lei de saúde de Galicia
PXCPG	Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia
Sergas	Servizo Galego de Saúde
TRLRFOG	Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia
TXSS	Tesouraría Xeral da Seguridade Social
ICAC	Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas
FEGAMP	Federación Galega de Municipios e Provincias
SEF	Sistema Electrónico de Facturación

I. INTRODUCCIÓN

O Pleno do Consello de Contas de Galicia, en sesión do 19 de decembro de 2016, aprobou para o Plan de Traballo do ano 2017 un informe relativo á fiscalización do inventario de bens do Servizo Galego de Saúde (Sergas).

O artigo 106 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (LPCAG) establece que o inventario xeral de bens e dereitos da Comunidade Autónoma (CA) é o instrumento de apoio á xestión patrimonial no que se deixa constancia de todos os bens e dereitos que integran o seu patrimonio, e incorpora os datos necesarios para a súa identificación e o reflexo da súa situación xurídica, as limitacións que afecten á súa disposición e o seu destino ou uso.

Sinala o dito artigo que as operacións patrimoniais relativas aos bens e dereitos do inventario terán constancia na contabilidade pública de forma individual e agregada, segundo dispoña a normativa contable.

A competencia para a formación e actualización do inventario xeral da CA correspóndelle á Consellería de Facenda, actuando como órganos auxiliares o resto de consellerías e entidades públicas instrumentais, como o é o caso do Sergas, tendo a obriga de manter actualizados os seus datos e remitirlos á Consellería de Facenda.

Por outra banda, a Disposición Adicional sétima da LPCAG remítese aos artigos 101 e 102 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (LSG) para determinar o réxime xurídico do patrimonio do Sergas, prevendo expresamente a obriga do Sergas de levar un inventario dos bens (mobles e inmobles) e dereitos que integran o seu patrimonio e que formará parte do inventario xeral da CA.

I.1. OBXECTIVOS E ALCANCE

A finalidade deste informe é analizar os procedementos de xestión do inventario empregados polo Sergas e comprobar que se adecúan á normativa aplicable e aos principios xerais de boa xestión.

O ámbito material de actuación circunscríbese aos elementos que forman parte da Conta do Patrimonio rendida ao Consello de Contas, que inclúe o conxunto de elementos patrimoniais tanxibles e inmateriais, mobles ou inmobles, utilizados na actividade desenvolvida polo organismo autónomo, e que teñen a consideración contable de inmovilizado material e intanxible.

O alcance do traballo de auditoría comprende a análise dos seguintes aspectos:

- A adecuación do inventario á contabilidade patrimonial do Sergas.
- Os procedementos utilizados para a inclusión no inventario dos bens mobles e inmobles.
- As ferramentas de xestión empregadas para o rexistro dos bens.

- O grao de actualización do inventario de bens.

O ámbito temporal abrangue os exercicios 2015 e 2016, sen prexuízo de que a análise global do inventario supoña ter en conta exercicios anteriores.

I.2 LIMITACIÓNS

O Sergas prestou a colaboración necesaria para a realización dos traballos de campo, tanto no CHUS como no CHOP, achegando a documentación que estimou necesaria para a realización desta fiscalización, en especial, o Servizo de Patrimonio dependente da Dirección Xeral de Recursos Económicos.

Porén, a Fundación Profesor Novoa Santos non remitiu a información requirida ao amparo do artigo 28.2 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia. Esta limitación non afectou de maneira significativa ás conclusións emitidas no informe.

II. NORMATIVA APLICABLE

- Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (TRLRFOG).
- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 3/1989, de 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega.
- Resolución do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (ICAC) de 1 de marzo de 2013, pola que se ditan normas de rexistro e valoración do inmovilizado material e dos investimentos inmobiliarios.
- Circular 2/2002 da Dirección Xeral de Recursos Económicos do Sergas pola que se regula a xestión do inventario de bens e dereitos deste organismo.

III. CONTABILIDADE PATRIMONIAL E INVENTARIO DO SERGAS

Segundo o artigo 105 da LSG, o Sergas está sometido ao réxime de contabilidade pública nos termos previstos no TRLRFOG. Esta esixencia comporta a necesidade de levar unha contabilidade orzamentaria e financeira-patrimonial, que reflicta tanto as operacións de execución e liquidación do orzamento do Sergas como a situación do seu patrimonio e o resultado do exercicio.

Gráfico 1: Contabilidade orzamentaria e económico-patrimonial



Para estes efectos, o artigo 111 do TRLRFOG obriga aos organismos comprendidos no sector público de Galicia a adaptar a súa contabilidade ao Plan de contabilidade pública de Galicia, aprobado pola Orde do 28 de novembro de 2001¹, da Consellería de Economía e Facenda (PXCPG).

Desta maneira, o Sergas debería formar un balance que presente a posición do seu patrimonio referida ao peche do exercicio, recollendo o activo, o pasivo e os fondos propios do organismo, así como unha conta de resultados que comprenda todos os ingresos e gastos do exercicio, tratando de ofrecer unha imaxe fiel da súa situación financeira de acordo cos principios de contabilidade.

Así, o sistema contable do Sergas respondería á dualidade de contabilidade orzamentaria e económico-patrimonial, estando ambas as dúas coordinadas a través dos puntos de conexión que se establecen e tendo en conta que, en ocasións, os criterios fixados para recoller feitos económicos nunha contabilidade non coinciden cos previstos para a outra.

A existencia dun inventario de bens é imprescindible para poder coñecer, por unha banda, cal é unha parte fundamental do activo da entidade (o inmovilizado material e intanxible), e por outra, cal é o importe dos gastos por amortizacións e dotacións para provisións (denominados na actualidade deterioros de valor) dos bens suxeitos a depreciación sistemática ou non.

Neste punto cobran especial importancia tres principios contables como son o de prezo de adquisición, o de devindicación e o de correlación de ingresos e gastos. Así mesmo, resulta

¹ Segundo información da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma se está a elaborar un novo Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia adaptado ao Plan Xeral de Contabilidade Pública do Estado, aprobado por Orde EHA/1037/2010, do 13 de abril.

determinante a aplicación da normas de valoración 2ª, 3ª e 5ª do PXCPG relativas ao inmovilizado material e inmaterial.

Estas normas establecen os criterios e regras polos que se teñen que valorar os elementos do inmovilizado, contendo a norma 2ª os de carácter xeral e a 3ª e 5ª os específicos de cada tipo de inmovilizado material e inmaterial.

Polo exposto, os bens contidos no inventario do Sergas deberían estar valorados de acordo co previsto no PXCPG, para permitir reflectir axeitadamente o activo do organismo e a súa conta de resultados, ao incorporar a esta última o importe das amortizacións e do gasto polas correccións valorativas dos ditos bens.

Segundo o PXCPG os bens comprendidos no inmovilizado material e inmaterial deben valorarse polo prezo de adquisición ou custo de produción tendo en conta as correccións valorativas que se produzan. En relación coa valoración inicial deste tipo de bens, establécense diferentes criterios en función do título en virtude do cal se incorporan ao patrimonio.

Por outra banda, os bens de inmovilizado serán obxecto de amortización de forma sistemática ao longo da súa vida útil, atendendo á depreciación que sufran polo seu uso, desfrute ou obsolescencia, comezando o proceso de amortización a partir de que o elemento estea en condicións de entrar en funcionamento.

Finalmente, os inmovilizados poderán ser obxecto de corrección pola diminución do seu valor por motivos distintos á súa amortización sistemática, podendo dar lugar a unha perda irreversible ou reversible, dotándose neste último caso a oportuna provisión por depreciación.

É necesario facer fincapé, como se vén reiterando nos informes de fiscalización da Conta Xeral, en que non existe contabilidade financeira no Sergas, o que resta toda a potencialidade que tería o inventario á hora de coñecer a situación patrimonial do organismo.

Non obstante, o Sergas remite anualmente ao Consello de Contas a *Conta de Patrimonio*, que contén a relación dos bens que forman o patrimonio do organismo, coa seguinte información:

- O centro que xestiona o ben.
- A situación patrimonial do ben: refírese ao tipo de situación no que se atopa o ben en función da súa forma de incorporación ao patrimonio (en propiedade, adscrición, arrendamento con opción de compra, depósito, cesión, etc.).
- A titularidade do ben: normalmente o Sergas ou o acredor-arrendador ou similar.
- O centro de ubicación do ben e a súa tipoloxía: lugar onde se atopa así como a descrición do ben de que se trate.

- As datas de alta e baixa do ben.
- A conta do PXCPG na que se inclúe o ben así como o seu prezo de adquisición, a súa base de amortización, a súa amortización acumulada e o seu valor neto contable.

Esta información incorpórase, para o caso dos bens inmobles, no exercicio 1997, e para os bens mobles, no exercicio 2000, actualizándose anualmente coas altas e baixas. A Dirección Xeral de Recursos Económicos fixo no exercicio 2016 unha auditoría para verificar a coincidencia dos datos do inventario coa súa realidade física, comprobando ademais posibles erros na marca, modelo ou etiquetado. Desta auditoría obtívose un rango de erros superior ao 10% (na mostra seleccionada) agás na EOXI de Ourense, Verín e O Barco, na que o marxe foi do 2%.

Os datos que se incorporan a este documento proceden da aplicación informática empregada para a xestión do patrimonio do Sergas, denominada *A4*, á que se fai referencia nun apartado posterior deste informe.

Polo tanto, o Sergas dispón dunha ferramenta que permite a identificación dos bens que forman parte do seu patrimonio e dispón da información necesaria para poder levar a cabo as anotacións contables que correspondan para cada tipo de ben.

Por outra banda, o Sergas, ao igual que o resto da Administración da Xunta de Galicia, emprega un programa informático (*Xumco2*) no que se recolle a contabilidade orzamentaria, reflexando a execución do orzamento a través das diferentes fases contables (autorización do gasto –documento contable A-, disposición ou compromiso do gasto –documento contable D-, recoñecemento da obriga documento contable O- e proposta de pagamento –documento contable K-)

Para a xestión do inventario de bens inmobles, que leva a cabo a Consellería de Facenda, o sistema contable *Xumco2* non permite contabilizar ningunha autorización de gasto relativa á adquisición dun ben inmovible sen que previamente se incorpore ao programa de xestión de inventario. Isto posibilita a existencia dunha correlación absoluta entre a execución do gasto derivado da adquisición do ben inmovible coa súa incorporación ao inventario.

Porén, segundo a análise efectuada no Sergas, non existe ningunha conexión entre o programa de xestión de inventario *A4* co sistema de contabilidade. Hai que destacar que esta conexión sería perfectamente factible no Sergas, xa que a Consellería de Facenda así o fixo dispoñendo dos mesmos programas que o organismo autónomo (*A4* e *Xumco2*).

Por outra banda, a pesar de que no programa *A4* figuran os datos relativos á unidade á que foron asignados os bens mobles, esta información non consta na Conta de Patrimonio, que imputa os ditos bens a nivel de centro de gasto (hospitais e servizos centrais).


IV. PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DO INVENTARIO

IV.1. FERRAMENTAS INFORMÁTICAS

A unidade administrativa encargada da xestión do inventario é o Servizo de Patrimonio, dependente da Dirección Xeral de Recursos Económicos.

Como xa se mencionou anteriormente, emprégase o programa informático A4, cuxo mantemento e actualización se realiza por unha empresa externa, e que convive cun programa de xestión de mantemento de activos, denominado MANSIS, que na actualidade non ten conexión coa aplicación A4. A través da aplicación MANSIS dispónse de información relativa ás operacións de mantemento dos activos inventariados (reparacións, substitucións e conservación) que se vincula co programa LOGAS de realización de pedidos. Na actualidade estase a traballar na interconexión dos tres programas co seguinte esquema de interrelación:

Gráfico 2: Interrelación entre as aplicacións informáticas de xestión



A aplicación A4 incorpora os bens polo valor que lle corresponde aplicando as normas do PXCPG, e modificando a dita valoración nos casos en que así proceda (ampliacións e melloras activables así como substitucións ou renovacións dos activos).

Por outra banda, dispón dun sistema de amortización de bens que emprega o método lineal en función da súa vida útil, agrupándoos por categorías, denominadas familias morfolóxicas, oscilando o período de amortización para os bens inmoables entre os 40 e os 12 anos, e para os mobles entre os 18 e os 4 anos.

O programa A4 permite a realización de descargas de listados en soporte PDF, Word e Excel para a súa posterior análise e explotación, sen que posibilita a súa vinculación cos sistemas de información de contratación e de contabilidade orzamentaria, o que impide a análise e a avaliación de custos e as previsións de novos investimentos, así como a toma de decisións sobre o tipo de operación a empregar na incorporación dos activos (compra venda, arrendamento, etc.), a conveniencia ou non

de levar a cabo operacións de renovación, mellora o reparación dos inmobles ou mesmo o grado de utilización efectiva dos inmovilizados.

No que se refire aos bens mobles, o programa tampouco facilita o seguimento de aspectos como o período de garantía, o coste de mantemento unha vez rematada esta, o tipo de contrato empregado para o dito mantemento (integral ou preventivo) ou mesmo dispor dun histórico de reparacións.

IV.2. PROCEDIMENTO DE XESTIÓN E REXISTRO

IV.2.1. DOCUMENTACIÓN SOPORTE

A documentación que dá soporte aos procedementos de xestión do inventario é a seguinte:

1. O Manual de Xestión de Inmovilizado, de 15 de decembro de 2000, elaborado pola empresa *American Appraisal Associates, Inc.* (adquirida en 2015 pola empresa *Duff & Phelps Corporation*), de asistencia para realizar o inventario e a valoración dos bens dos hospitais do Sergas.

Neste manual especifícanse, para cada un dos modos de adquisición dos bens, o obxecto e alcance do procedemento, a xestión do proceso (descrición do procedemento, competencias e responsabilidades e operatoria en A4), a documentación xerada, así como o seu deseño.

O modelo de xestión contido neste documento baséase en que o software utilizado debe dispoñer dun módulo que permita recoller todas as operacións realizadas cos activos e, de maneira resumida, trasladar esta información ao sistema contable do organismo, mediante o subsistema de *enlace contable*. Como xa se puxo de manifesto esta operativa carece de virtualidade debido á inexistencia dunha contabilidade financeira no Sergas.

2. A Circular 2/2000, do 14 de xuño de 2002, da Dirección Xeral de Recursos Económicos do Sergas aos directores-xerentes dos hospitais, que ten por obxecto ditar instrucións para o manexo do programa de inventario e unificar criterios para a súa xestión.

3. O Documento de Configuración, do 30 de abril de 2008, elaborado pola empresa *American Appraisal Associates, Inc.* para realizar o inventario e a valoración dos bens mobles dos complexos hospitalarios e atención primaria do Sergas.

4. O Manual de Usuario do programa informático de inventario, do 25 de marzo de 2011, elaborado polo Servizo de Patrimonio da Dirección Xeral de Recursos Económicos do Sergas.

IV.2.2. PROCEDEMENTO DE XESTIÓN

IV.2.2.1. XESTIÓN DE BENS INMOBLES

A xestión do inventario dos bens inmobles correspóndelle á Dirección Xeral de Recursos Económicos, que asume todas as fases do procedemento de incorporación patrimonial deste inmovilizado, agás aquelas operacións de pequena entidade que se levan a cabo nos inmobles e que son obxecto de incorporación polas EOXI directamente.

A forma habitual de incorporación dos terreos é mediante a cesión gratuíta por parte dos concellos, agás no caso do Hospital Álvaro Cunqueiro, no que se empregou o procedemento de expropiación forzosa. Así mesmo, existen terreos que están en situación de cesión de uso por parte da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

En canto aos edificios empréganse as distintas modalidades de tráfico xurídico sendo de especial relevancia a cesión por parte dos concellos dos seus centros de saúde ao Sergas, en virtude do denominado “Pacto local” artellado a través dun protocolo asinado entre a FEGAMP e a Consellería de Sanidade no ano 2008. Con anterioridade á sinatura deste protocolo, os concellos cedían os terreos ao Sergas, este construía o edificio e o mantemento correspondíalle á entidade local.

IV.2.2.2. XESTIÓN DE BENS MOBLES

A xestión do inventario de bens mobles realízase conxuntamente por cada EOXI e a Dirección Xeral de Recursos Económicos.

O organigrama de xestión é bastante heteroxéneo, correspondendo as funcións de inventario a unidades con distinta denominación nas EOXI de A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Ourense - Verín-O Barco, Pontevedra-O Salnés e Vigo (servizo de compras, de subministracións, de mantemento ou de inventario) agás na xerencia de Lugo-Cervo-Monforte na que non existe ningunha unidade específica, sendo competencia dos centros dependentes dela.

Por outra banda, os centros hospitalarios tamén participan na xestión do inventario a través dun responsable de inmovilizado e un responsable de departamento/área (área de localización física homoxénea nas que se dividen os centros).

O responsable de inmovilizado ten como funcións manter o sistema de xestión de inmovilizado actualizado, coordinar os diferentes responsables de departamento e controlar o cumprimento dos procedementos de alta, baixa e transferencia de activos dentro dun mesmo departamento.

A xestión da incorporación dos bens mobles varía en función do procedemento de adquisición seguido:

1. Compras descentralizadas.

A incorporación ao inventario das compras descentralizadas corresponde en exclusiva ás EOXI, que se encarga directamente da adquisición do ben e da súa recepción formal, ben na xerencia de xestión integrada ou ben nos centros directamente, con presenza, nestes casos, dun responsable da EOXI.

Cumprimentase unha ficha cos datos identificativos do ben (parte de alta de inmovilizado), se procede ao etiquetado do ben e a recepción formal deste, rexistrando o activo na aplicación informática.

2. Compras centralizadas.

Neste suposto o expediente de adquisición dos bens é tramitado pola Dirección Xeral de Recursos Económicos en función do plan de necesidades que sexa de aplicación (e que abrangue a todas as EOXI).

A unidade de inventario da xerencia recibe o ben (na propia xerencia ou no centro hospitalario), agás no caso dos equipos informáticos nos que é a unidade de informática quen realiza a dita función.

Unha vez recibido o ben a EOXI solicita a súa adscrición aos servizos centrais, que comprobán a correspondencia entre o elemento recibido e a documentación xustificativa da adquisición (normalmente factura).

A continuación, a Dirección Xeral de Recursos Económicos asina a Resolución e a Acta de adscrición á EOXI, rexistrándose na aplicación A4 na modalidade de "adscrición a favor".

3. Doazóns ou cesións gratuítas.

A aceptación en doazón ou da cesión gratuíta de bens correspóndelle ás Xerencias das EOXI previa autorización da Xerencia do Sergas, que no seu caso, procederá a adscribilos á EOXI, coa anotación en inventario que se fai no caso de compras centralizadas.

Existen outras situacións nas que se poden atopar os bens no inventario:

1. Modificacións de bens:

Supoñen unha modificación do valor do ben inventariado como consecuencia de operacións de ampliación, mellora ou renovacións tanto de tanxibles como de inmateriais (por exemplo, a incorporación de software novo aos equipos médicos).

2. Saídas temporais:

Neste caso o que se recolle no inventario é o feito de que o ben se atopa fóra da súa ubicación habitual para a súa reparación.

3. Movemento de bens:

Nesta situación atópanse os bens que cambian dun centro hospitalario a outro, rexistrándose este feito no inventario coa súa nova ubicación.

Finalmente, a baixa de bens mobles require a autorización da Dirección Xeral de Recursos Económicos, previa solicitude da EOXI que é á que lle corresponde o rexistro na aplicación de inventario.

IV.2.3. ANÁLISE DA XESTIÓN DO INVENTARIO

Para a análise da xestión do inventario seleccionouse unha mostra de bens mobles nos servizos de hemodiálise e na unidade de urxencias das EOXI de Santiago de Compostela e Pontevedra-Salnés (Anexos 1 e 2).

A fiscalización consistiu na comprobación da documentación soporte das incorporacións e baixas dos elementos patrimoniais, os procedementos aplicados e o etiquetado e rexistro en inventario dos distintos bens.

IV.2.3.1. ANÁLISE DO PROCEDEMENTO E DA DOCUMENTACIÓN SOPORTE

O procedemento que segue varía en función do tipo de operación patrimonial que se realiza.

a) Compras descentralizadas.

O procedemento iníciase coa realización do pedido por parte da unidade de inventario competente da EOXI a través da aplicación informática LOGAS (para as compras de bens correntes inventariables) ou por correo electrónico (cando se trata de investimentos). Cando se trata de equipos electromédicos é a unidade de Electromedicina quen realiza o pedido.

Unha vez recibido o ben de que se trate a unidade de inventario leva a cabo o acto de recepción verificando a correspondencia entre os activos entregados e os pedidos efectuados cos albarás, procedendo a etiquetar o ben e a confeccionar a ficha cos datos técnicos. Finalmente se procede á introdución dos datos na aplicación informática A4.

Mediante o sistema de facturación electrónica (SEF) recíbese a factura correspondente e se procede á contabilización do gasto. A partir deste momento na aplicación A4 se fai constar a activación do ben e comeza o proceso de amortización.

Da análise da mostra atopáronse as seguintes incidencias:

- En determinados expedientes o prazo transcorrido entre a recepción do ben e o seu rexistro no inventario transcorreron máis de 45 días, o que provoca un deferimento no momento de inicio da amortización e que nas adquisicións de fin de exercicio os bens non estean dados de alta no inventario no exercicio que corresponde.
- A realización de pedidos sen empregar a aplicación LOGAS senón por correo electrónico dificulta o seu seguimento e a súa correcta inclusión no inventario.

b) Compras centralizadas.

Da análise do procedemento efectuada nesta EOXI se observa que coincide co descrito no apartado *IV.2.2.2. deste informe*.

Porén atopáronse as seguintes incidencias:

- Non existe constancia documental da remisión dos bens asignados á EOXI por parte da Dirección Xeral de Recursos Económicos, nin tampouco figuran os albarás.
- Determinados bens figuran rexistrados no inventario con anterioridade á data da resolución de adscrición da Dirección Xeral de Recursos Económicos.

c) Doazóns ou cesións gratuítas.

Da análise dos expedientes despréndese as seguintes incidencias:

- Non consta a documentación acreditativa da valoración dos bens recibidos en doazón.
- En determinados supostos os bens non foron etiquetados debido á imposibilidade de facelo polas especiais características dos bens, quedando identificados polo seu número de serie.
- Prodúcese un retraso considerable entre a aceptación da doazón e o rexistro do ben no inventario.

d) Baixas de inventario.

Na mostra analizada dáse cumprimento ao procedemento establecido agás en determinados supostos nos que a baixa se rexistra en inventario antes da autorización da Dirección Xeral de Recursos Económicos.

IV.2.3.2. ANÁLISE DO ETIQUETADO E REXISTRO DE BENS

Da análise efectuada, despréndese que, con carácter xeral, os activos están axeitadamente rexistrados no inventario e referenciados mediante etiquetas, existindo correspondencia entre os datos do inventario e o etiquetado.

Non obstante hai que destacar as seguintes incidencias:

- Determinados bens foron dados de alta ao momento da creación do inventario de bens mobles (no exercicio 2000) polo que non consta a documentación relativa á súa adquisición.
- Déronse de baixa activos sen que conste a documentación relativa ao procedemento seguido.

IV.3. ANÁLISE CUANTITATIVA DO INVENTARIO (EXERCICIOS 2015 E 2016)

Os bens inmobles inventariados polo Sergas comprenden, en liñas xerais, 273 terreos (onde se asentan principalmente os edificios administrativos e centros hospitalarios), 609 edificios principais e outras categorías de inmobles como talleres, aparcadoiros, heliportos, xardíns, urbanizacións exteriores, cerramentos, grupos electrógenos ou lavandarías, entre outros.

No que se refire aos bens mobles, están constituídos basicamente polos equipos médico-clínicos, os informáticos e os de oficina.

Os entes adscritos á Consellería de Sanidade están situados en inmobles que figuran no inventario do Organismo Autónomo (Ingo, Fundación 061, Fundación Medicina Xenómica e Galaria, S.A.) agás a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento da Saúde e a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos que levan o seu propio inventario.

Por outra banda, as fundacións privadas de investigación que, segundo o criterio que vén sostendo o Consello de Contas, deberían ser consideradas como entidades do sector público, tamén están situadas en edificios inventariados polo Sergas, aínda que nas Contas Anuais do ano 2016 da Fundación Profesor Novoa Santos figura un terreo adquirido en 2008 que se sitúa fóra do inventario do Sergas e do que non se achegou a información requirida á Fundación acerca do seu uso.

A continuación procédese a análise das variacións producidas no inventario nos exercicios 2015 e 2016 cos datos subministrados polo Servizo de Patrimonio do Sergas, e tendo en conta que os elementos non figuran rexistrados polo seu valor contable (non se ten en conta a amortización) nin constan os produtos en curso.

No seguinte cadro expónse a situación de altas e baixas no inventario a 31 de decembro dos exercicios 2015 e 2016.

Cadro 1: Altas e baixas do inventario 2015-2016 (miles de euros)

Descrición	Bens inmoables		Bens mobles		Total	
	Núm. elementos	Importe	Núm. elementos	Importe	Núm. elementos	Importe
Situación a 01.01.2015	1.469	1.078.125	492.116	476.596	493.585	1.554.721
Altas exercicio 2015	10	239.541	15.949	18.679	15.959	258.220
Baixas exercicio 2015	9	1.212	9.712	8.613	9.721	9.825
Altas exercicio 2016	40	28.138	54.878	54.369	54.918	82.507
Baixas exercicio 2016	27	32.511	7.723	10.610	7.750	43.121
Situación a 31.12.2016	1.483	1.312.081	545.508	530.420	546.991	1.842.502
% variación 31.12.16/1.01.15	1,0%	21,7%	10,8%	11,3%	10,8%	18,5%


De acordo co cadro anterior, o valor dos bens inventariados a 31.12.2016 ascendía a 1.843 millóns de euros, o que supuxo un incremento dun 18,5% respecto ao 01.01.2015, mentres que o número de elementos incrementouse nun 10,8%. A causa do incremento de valor dos bens inventariados vén determinada, fundamentalmente, polas altas do edificio e infraestruturas do Hospital Álvaro Cunqueiro que representaron o 74,3% do importe total das producidas no período. En 2016 practicáronse baixas por un importe de 43,121 millóns de euros, correspondendo o 75,4% do seu valor a bens inmoables.

A evolución dos bens inmoables dos últimos cinco exercicios é a seguinte:

Cadro 2: Evolución bens inmoables 2012-2016 (miles de euros)

	31.12.2012	31.12.2013	31.12.2014	31.12.2015	31.12.2016	% variación 2012-2016
Núm. Elementos	1.472	1.469	1.469	1.470	1.483	0,7%
Valor rexistrado en Inventario	1.072.615	1.078.698	1.078.125	1.316.454	1.312.081	22,3%

Gráfico 3: Evolución bens inmoables 2012-2016



Dos anteriores datos despréndese que as cifras relativas ás existencias do número de activos inmoables no período analizado mantéñense practicamente constantes, agás no exercicio 2016 no

que se produce un incremento debido fundamentalmente ás obras realizadas na Unidade de Urgencias da EOXI de Pontevedra.


En relación coa valoración dos inmobles apréciase un incremento acumulado do 22,3% imputable na súa maior parte ao Hospital Álvaro Cunqueiro.

Os datos da evolución dos bens mobles foron os seguintes:

Cadro 3: Evolución bens mobles 2012-2016 (miles de euros)

	31.12.2012	31.12.2013	31.12.2014	31.12.2015	31.12.2016	% variación 2012-2016
Núm. elementos	484.638	490.193	492.116	498.353	545.508	12,6%
Valor rexistrado en inventario	470.772	474.366	476.596	486.661	530.420	12,7%

Gráfico 4: Evolución bens mobles 2012-2016



Como se pode observar tanto o número de elementos como a súa valoración experimentaron un incremento significativo no ano 2016.

O detalle das altas e baixas de bens inmobles durante o ano 2016 é o seguinte:

Cadro 4: Altas de bens inmobles en 2016 (miles de euros)

Descrición	Redacción proxecto	Liquidación e revisión de prezos, certificación final obra	Acta de Recepción Única	Valoración en inventario
Construción Centro de Saúde de Coia	76	64	1.002	1.142
Construción Centro de Saúde de Panxón-Nigrán	114	118	1.842	2.073
Construción Centro de Saúde de O Temple- Cambre	118	145	2.137	2.401
Construción Centro de Saúde de Villarrodis-Arteixo	152	152	2.258	2.562
Construción Centro de Saúde de Marín			5.202	5.202
Construción Centro de Saúde de Buño-Malpica	44	60	625	729
Construción Centro de Saúde de O Portádego- Culleredo			2.329	2.329
Construción Centro de Saúde de O Couto			3.278	3.278
Construción Centro de Saúde de Tui			4.111	4.111
Construción Centro de Saúde de Galeras	223	80	2.890	3.193

Descrición	Redacción proxecto	Liquidación e revisión de prezos, certificación final obra	Acta de Recepción Única	Valoración en inventario
Construción Centro de Saúde de As Somozas			800	800
Local Inspección sanitaria de Pontevedra				0
Cerramento espazo Innovación servizos centrais				8
Cerramento espazo Innovación – EOXI Vigo				18
Cerramento espazo Innovación – EOXI Pontevedra				20
Obras espazo Urgencias-EOXI Pontevedra				238
Cerramento espazo Innovación – EOXI Ferrol				17
Cerramento espazo Innovación- EOXI A Coruña				16
Total	728	619	26.474	28.138

Cadro 5: Baixas de bens inmobles en 2016 (miles de euros)

Denominación	Importe	Motivo da Baixa
Terreo H Xeral de Vigo	5.914	Retrocesión
Terreo H Cíes	448	Retrocesión
Edificio H Xeral de Vigo	16.393	Retrocesión
Edificio Anexo núm. 1 H Xeral de Vigo	6.539	Retrocesión
Almacén residuos bioperigosos H Xeral	16	Retrocesión
Caseta control nitróxeno H Xeral	5	Retrocesión
Viais interiores H Xeral	53	Retrocesión
Aparcadoiros interiores H Xeral	2	Retrocesión
Cerramentos interiores H Xeral	6	Retrocesión
Zonas axardinadas interiores H Xeral	4	Retrocesión
Alumeado exterior H Xeral	5	Retrocesión
Construción espazo torres de refrixeración- Xeral-Cíes	194	Retrocesión
Reforma fontanería H Xeral	1.054	Retrocesión
Edificio H Cíes	1.635	Retrocesión
Laboratorio e asistencia policlínico Cíes	37	Retrocesión
Taller mantemento policlínico Cíes	17	Retrocesión
Viais interiores policlínico Cíes	13	Retrocesión
Cerramento da parcela policlínico Cíes	5	Retrocesión
Zonas axardinadas interiores policlínico Cíes	9	Retrocesión
Alumeado exterior de viais policlínico Cíes	1	Retrocesión
Consultorio O Temple	163	Devolución titular
Consultorio de Buño		Devolución titular
Consultorio de Mera		Devolución titular
Centro de Saúde de Marín		Devolución titular
Oficinas inmoble CHUAC		Fin de arrendamento
Oficinas CHUAC edificación		Fin de arrendamento
Local provisional Centro de Saúde de Oia		Devolución titular
Total	32.511	

A maior parte das baixas corresponden ás retrocesións dos inmobles do Complexo Hospitalario Xeral-Cíes de Vigo, derivadas do traslado dos servizos sanitarios ao Hospital Álvaro Cunqueiro. As

restantes baixas refírense á finalización do arrendamento de oficinas do Complexo Hospitalario de A Coruña e á devolución ao seu titular de inmobles correspondentes a consultorios de saúde que foran recibidos en cesión.

O detalle das altas e baixas dos bens mobles en 2016 é o seguinte:

Cadro 6: Altas de bens mobles 2016 nas EOXIS (en miles de euros)

Modo de adquisición		SS.CC	EOXI A Coruña	EOXI Santiago	EOXI Ferrol	EOXI Lugo	EOXI Ourense	EOXI Pontevedra	EOXI Vigo	Total
Adscrición	Importe		1.865	113	1.003	318	4.590	1.041	19.230	28.160
	Núm.		1.380	108	211	113	810	497	9.487	12.606
Arrendamento	Importe				103					103
	Núm.				41	11	4		12	68
Cambio de titular	Importe									0
	Núm.			5						5
Cesión gratuita	Importe	939		139		4			1	144
	Núm.	62		40	2	6	2		2	52
Cesión de uso / cesión precario	Importe			426		11	40			477
	Núm.			69		131	78	104		382
Compra	Importe	55	1.814	1.249	756	1.096	1.802	2.180	1.057	10.010
	Núm.	28	1.968	1.727	329	381	2.236	3.760	4.362	14.791
Convenio	Importe	8.900								8.900
	Núm.	24.140								24.140
Depósito/proba	Importe									0
	Núm.				69	11	12		440	532
Doazón	Importe	226								0
	Núm.	41								0
Inventario ²	Importe		5			21	3	1		30
	Núm.	1	49	16	177	475	241	1	76	1.036
Mellora de oferta	Importe			308	0	43	348	115	25	839
	Núm.			33	1	2	69	155	833	1.093
Permuta	Importe			1		22	15		5	42
	Núm.			20	49	29	10		10	118
Préstamo	Importe									0
	Núm.		1							1
Posta disposición	Importe			4.584		573	507			5.664
	Núm.			10		5	4	35		54
Total importe		8.955	3.684	6.819	1.863	2.088	7.306	3.337	20.317	54.369
Total elementos		24.169	3.398	2.028	879	1.164	3.466	4.552	15.222	54.878

As cesións gratuitas e as doazóns, autorizadas polo Sergas e dadas de alta en servizos centrais, ao igual que no exercicio anterior, non figuran incluídas na suma total, co obxecto de non duplicar o número de elementos e o seu valor, xa que figuran rexistradas nas EOXI en modo *adscrición*.

² Recolle os bens mobles que se deron de alta no inventario ao momento da súa creación.

Os bens rexistrados en servizos centrais en modo *convenio*, corresponden aos achegados pola empresa concesionaria do Hospital Álvaro Cunqueiro.

Cadro 7: Baixas de bens mobles 2016 nas EOXI (en miles de euros)

Modo de adquisición		SS.CC	EOXI A Coruña	EOXI Santiago	EOXI Ferrol	EOXI Lugo	EOXI Ourense	EOXI Pontevedra	EOXI Vigo	Total
Adscrición	Importe		271	1.551	10	35	506	78	871	3.323
	Núm.		42	10	4	7	40	58	237	398
Arrendamento	Importe		0	0	2	0	0	0	0	2
	Núm.		7	1	179	57	9	32	111	396
Beca	Importe		0						0	0
	Núm.		1						1	2
Cambio de Titular	Importe									0
	Núm.									0
Cesión Gratuíta	Importe							3	0	3
	Núm.							2	1	3
Cesión de uso / Cesión precario	Importe			20		3	0	0	0	23
	Núm.			1		8	9	3	7	28
Compra	Importe	0	163	68	91	271	196	75	684	1.548
	Núm.	228	131	86	29	101	464	82	665	1.786
Convenio	Importe									0
	Núm.									0
Depósito/Proba	Importe				0	0	0	0	0	0
	Núm.				28	7	265	353	231	884
Doazón	Importe	73	0		0	0		1	1	75
	Núm.	525	5		1	2		1	3	537
Inventario	Importe		2.423	268	101	186	496	213	1.862	5.549
	Núm.		72	102	28	106	607	134	2.532	3.581
Mellora de Oferta	Importe		0	0			0	5	6	11
	Núm.		2	1			2	4	34	43
Permuta	Importe			1	0	14	7		53	75
	Núm.			4	1	4	8		20	37
Préstamo	Importe				0		0	0	0	0
	Núm.				1		10	10	7	28
Posta Disposición	Importe									0
	Núm.									0
Total importe		73	2.858	1.909	204	508	1.205	376	3.478	10.610
Total elementos		753	260	205	271	292	1.414	679	3.849	7.723

IV.3.1. ANÁLISE COMPARATIVA DOS BENS INMOBLES

IV.3.1.1. SEGUNDO A SÚA NATUREZA

Cadro 8: Variación dos bens inmobles 2015-2016 segundo a súa natureza (miles de euros)

Natureza	Núm. de elementos		Valoración s/conta patrimonio		% variación	
	A 1.01.15	A 31.12.16	A 1.01.15	A 31.12.16	Número	Importe
Dominio público	1.067	1.051	722.268	928.309	-1,5%	28,5%
Patrimonial	402	432	355.857	383.772	7,5%	7,8%
Total	1.469	1.483	1.078.125	1.312.081	1,0%	21,7%

Os bens inmobles de dominio público, aínda que experimentan unha lixeira diminución en canto ao número de elementos, seguen sendo o principal activo do Sergas, experimentando un crecemento do seu valor nun 28,5%. Os bens de natureza patrimonial só supoñían o 29,2% do valor total dos bens inmobles a 31.12.2016.

IV.3.1.2. SEGUNDO A SÚA TITULARIDADE

Cadro 9: Variacións dos bens inmobles 2015-2016 segundo a súa titularidade (miles de euros)

Titular	Núm. elementos		Valoración s/conta patrimonio		% variación	
	A 1.01.15	A 31.12.16	A 1.01.15	A 31.12.16	Número	Importe
Sergas	398	422	352.315	380.214	6,0%	7,9%
TXSS	515	499	450.910	417.611	-3,1%	-7,4%
Concello	364	361	42.983	42.820	-0,8%	-0,4%
Comunidades veciñais	12	12	11.490	11.490	0,0%	0,0%
Xunta de Galicia	140	143	217.485	218.029	2,1%	0,3%
Outros	40	46	2.942	241.916	15,0%	8.122,8%
Total	1.469	1.483	1.078.125	1.312.081	1,0%	21,7%

Gráfico 5: Procedencia dos bens inmobles inventariados atendendo ao seu importe a 31.12.2016





Gráfico 6: Variación bens inmobles segundo a súa titularidade 2015-2016



O aspecto a destacar desta información é o incremento da epígrafe Outros, que se corresponde coa valoración do Hospital Álvaro Cunqueiro en 238 millóns de euros e que son obxecto de rexistro na concesionaria.

As variacións de importes experimentadas polos restantes titulares foron inapreciables, agás o Sergas cuxo incremento alcanzou o 7,9% e a senso contrario a TXSS diminuíu un 7,4%.

IV.3.1.3. SEGUNDO A SÚA FORMA DE INCORPORACIÓN

Cadro 10: Variación dos bens inmobles 2015-2016 segundo o modo de incorporación (miles de euros)

Modo de incorporación	Núm. elementos		Valoración s/conta patrimonio		% variación	
	A 1.01.15	A 31.12.16	A 1.01.15	A 31.12.16	Número	Importe
Compra directa	54	53	7.107	3.772	-1,9%	-46,9%
Transf. outras administracións públicas	575	554	437.669	419.494	-3,7%	-4,2%
Inventario	353	348	20.048	20.048	-1,4%	0,0%
Construción propia	203	237	411.382	428.848	16,7%	4,2%
Cesión de uso	74	74	18.516	18.516	0,0%	0,0%
Outras	75	82	138.930	376.930	9,3%	171,3%
Cesión gratuita	135	135	44.473	44.473	0,0%	0,0%
Total	1.469	1.483	1.078.125	1.312.081	1,0%	21,7%

O maior incremento do valor dos inmobles (171,3%) se corresponde novamente co Hospital Álvaro Cunqueiro. A *Construción propia* experimentou un aumento de valor do 4,2%, mentres que a *Compra directa* diminuíu en 3,335 millóns de euros.

IV.3.1.4. SEGUNDO A SÚA TIPOLOXÍA

Cadro 11: Variación dos bens inmobles 2015-2016 segundo a tipoloxía (miles de euros)

Modalidade	Núm. de elementos		Valoración s/conta patrimonio		% variación	
	A 1.01.15	A 31.12.16	A 1.01.15	A 31.12.16	Número	Importe
Terreos rústicos	1	1	0	0	0,0%	
Terreos urbanizables	7	7	2.453	2.453	0,0%	0,0%
Terreos urbanos edificados	69	67	13.343	6.688	-5,6%	-49,9%
Terreos urbanos sen edificar	198	198	101.435	101.435	0,0%	0,0%
Edificios	872	880	898.147	1.108.986	0,9%	23,5%
Acondicionamento	4	9	288	365	125,0%	26,7%
Urbanización	316	321	62.459	92.154	1,6%	47,5%
Total	1.469	1.483	1.078.125	1.312.081	1,0%	21,7%

As operacións de urbanización foron as que experimentaron o maior incremento de valor no período, (un 47,5%), aínda que o seu peso relativo no total de inmobles é só do 7%.

O valor dos *Edificios* supuxo no último exercicio o 84,5% do total dos inmobles, incrementándose un 23,5%.

Polo que se refire ao número de elementos, as obras de acondicionamento sufriron o maior aumento cun 125% de variación.

No caso dos terreos urbanos edificados obsérvase que unha minoración de 2 activos que representa unha diminución 6,655 millóns de euros, debido á baixa dos terreos do Complexo Hospitalario Xeral- Cíes de Vigo.

IV.3.1.5. SEGUNDO O CENTRO DE GASTO

Cadro 12: Variacións dos bens inmobles 2015-2016 por centro de gasto (miles de euros)

Centro	Núm. de elementos		Valoración s/conta patrimonio		% variación	
	A 1.01.15	A 31.12.16	A 1.01.15	A 31.12.16	Número	Importe
EOXI de Ourense, Verín e O Barco	43	44	539	555	2,3%	3,0%
EOXI de Pontevedra e O Salnés	21	37	358	616	76,2%	72,1%
EOXI Lugo, Cervo e Monforte	0	1	0	16		
EOXI Santiago de Compostela	0	2	0	32		
EOXI Vigo		1		18		
EOXI A Coruña		1		16		
EOXI Ferrol		1		17		
Servizos centrais	1.405	1.396	1.077.229	1.310.811	-0,6%	21,7%
Total	1.469	1.483	1.078.125	1.312.081	1,0%	21,7%

Servizos centrais concentra o 94,1% dos inmobles. Déronse de baixa nove elementos (os edificios correspondentes ao Complexo Hospitalario Xeral-Cíes) pero incrementouse a valoración como consecuencia da alta do Hospital Álvaro Cunqueiro.

Na EOXI de Pontevedra-Salnés obsérvanse incrementos superiores ao 70%, tanto no que se refire ao número de activos como ao seu valor, que traen causa da realización de obras menores nos edificios da xerencia.

IV.3.2. ANÁLISE COMPARATIVA DOS BENS MOBLES

IV.3.1.1. SEGUNDO A SÚA NATUREZA

Cadro 13: Variación dos bens mobles 2015-2016 segundo a súa natureza (miles de euros)

Natureza	Núm. de elementos		Valoración s/conta patrimonio		% variación	
	A 1.01.15	A 31.12.16	A 1.01.15	A 31.12.16	Número	Importe
Aplicacións informáticas	375	389	1.684	2.236	3,7%	32,8%
Instalacións técnicas	3.928	3.904	116.422	119.138	-0,6%	2,3%
Maquinaria	11.669	11.635	76.539	80.653	-0,3%	5,4%
Utilex	271	271	34	34	0,0%	0,0%
Mobiliario e enseres	387.947	429.540	110.506	128.803	10,7%	16,6%
Equipos procesos información	22.002	26.534	11.955	14.983	20,6%	25,3%
Elementos de transporte	121	127	649	1.657	5,0%	155,3%
Outro inmovilizado material	65.652	72.881	158.725	182.821	11,0%	15,2%
Bens histórico-artísticos	151	151	82	82	0,00%	0,00%
Marcas e patentes		76		12		
Total	492.116	545.508	476.596	530.420	10,8%	11,3%

A valoración dos bens mobles a final de 2016 foi de 530,4 millóns de euros, tendo experimentado un incremento do 11,3%. O número de elementos aumentou un 10,8%.

Todas as categorías mantiveron ou incrementaron ambos os dous parámetros, destacando os *elementos de transporte* cun 155,3% de aumento no seu valor, se ben a súa representatividade é moi baixa tanto polo que respecta ao número de elementos como ao seu valor.

IV.3.1.2. SEGUNDO A SÚA TITULARIDADE

Cadro 14: Variación dos bens mobles 2015-2016 segundo a súa titularidade (miles de euros)

Titularidade	Núm. de elementos		Valoración s/conta patrimonio		% variación	
	A 1.01.15	A 31.12.16	A 1.01.15	A 31.12.16	Número	Importe
Sergas	468.674	497.924	472.455	508.194	6,2%	7,6%
TXSS	3	7	198	198	133,3%	0,0%
Xunta de Galicia	113	77	7	7	-31,9%	0,0%
Outros	23.326	47.500	3.935	22.021	103,6%	459,6%
Total	492.116	545.508	476.596	530.420	10,8%	11,3,0%

Gráfico 7: Procedencia dos bens mobles inventariados atendendo ao seu importe a 31.12.2016





Gráfico 8: Variación bens mobles segundo a súa titularidade 2015-2016



Do cadro anterior destaca o incremento producido na epígrafe Outros, como consecuencia da incorporación dos elementos mobles do Hospital Álvaro Cunqueiro, en número de 24.140 e cunha valoración de 8,9 millóns de euros.

IV.3.1.3. SEGUNDO O CENTRO DE GASTO

Cadro 15: Variacións bens mobles 2015-2016 por centro de gasto (miles de euros)

Centro	Núm. de elementos		Valoración s/conta patrimonio		% variación	
	A 1.01.15	A 31.12.15	A 1.01.15	A 31.12.16	Número	Importe
Servizos centrais	9.017	32.783	3.799	14.137	263,6%	272,1%
EOXI A Coruña	75.668	79.788	77.090	79.206	5,4%	2,7%
EOXI Santiago de Compostela	78.824	84.476	70.918	81.270	7,2%	14,6%
EOXI Ferrol	30.897	32.354	26.321	27.709	4,7%	5,3%
EOXI Lugo, Cervo e Monforte	68.085	69.048	113.994	115.702	1,4%	1,5%
EOXI Ourense, Verín e O Barco	93.790	96.466	74.020	82.185	2,9%	11,0%
EOXI Pontevedra e O Salnés	54.555	55.750	45.136	45.828	2,2%	1,5%
EOXI Vigo	81.280	94.843	65.318	84.383	16,7%	29,2%
Total	492.116	545.508	476.596	530.420	10,8%	11,3%

Obsérvase que, tanto o número de activos como o seu valor incrementouse en todos os centros.

Hai que facer mención a que a incorporación dos mobles do Hospital Álvaro Cunqueiro impútase a servizos centrais debido á súa situación concesional.

V. CONCLUSIONES

1. O Sergas como organismo autónomo da administración da Comunidade Autónoma, está sometido ao réxime de contabilidade pública o que comporta a rendición das súas contas anuais: o balance, a conta do resultado económico-patrimonial, o estado de liquidación do orzamento e a memoria. Como se vén reiterando nos informes da Conta Xeral, o Sergas non elabora o balance nin a conta do resultado (ao carecer de contabilidade económico patrimonial), polo que o inventario deixa de ser unha ferramenta útil á hora de coñecer a situación patrimonial do organismo.
2. Para a xestión do inventario emprégase o programa informático A4 que carece de conexión coas aplicacións empregadas para a realización de pedidos (LOGAS) e para o mantemento de activos (MANSIS), o que non favorece unha xestión áxil e controlada do circuíto de altas e baixas de bens do patrimonio do Sergas así como a toma de decisións relativas a avaliación e análise dos custos, a forma máis eficiente ou axeitada de incorporación dos bens, o seguimento dos períodos de garantía ou os históricos de reparacións.
3. Non existe conexión entre a aplicación A4 de xestión do inventario co sistema de contabilidade orzamentaria do Sergas, a diferenza do que ocorre na Consellería de Facenda.
4. Existe certo retraso entre a recepción dos bens e o seu rexistro no inventario, o que provoca deficiencias na súa amortización.
5. En canto á evolución dos bens inmoables do organismo no período 2012 – 2016, obsérvase un incremento notable no exercicio 2015 debido á incorporación ao inventario do Hospital Álvaro Cunqueiro, sendo axeitada a súa inclusión como inmovilizado ao ostentar a administración o control sobre o activo.
6. Os bens móbiles incrementáronse para o período referenciado en case un 13%, tanto en número como en importe.

VI. RECOMENDACIÓNS

1. Coa finalidade de permitir que o inventario contribúa a amosar a imaxe fiel da situación patrimonial do Sergas o organismo debería elaborar o balance, a conta do resultado económico-patrimonial e a memoria, como resulta do seu sometemento ao réxime de contabilidade pública.
2. Sería aconsellable establecer un mecanismo de conexión entre a aplicación de xestión do inventario coas aplicacións de compras e mantemento de activos.
3. Debería arbitrarse un sistema informático que permitise o enlace entre a aplicación da contabilidade orzamentaria do Sergas e a de xestión de inventario.

ANEXOS

ANEXO 1: MOSTRAXE DE ACTIVOS DA UNIDADE DE HEMODIÁLISE DO CHUS

Datos do ben					Etiqueta	Documentación		Datas	
Activo	Denominación	Marca	Modelo	Núm. serie		Adquisición	Recepción	Recepción	Alta en inventario
F16126	Báscula	GAMBRO	PW-10J-1	90742	279540	Inventario	sen albará	03.01.2017	11.04.2017
F00373	Caixa de caudais	BTB	F-9100	C165469	39539	Inventario	sen albará	31.10.2000	31.10.2000
F16157	Quentador de soro	BAXTER		3491	324569	Inventario	sen albará	03.01.2017	12.04.2017
F16150	Cicladora	FRESENIUS MEDICAL CARE		9PEY1286	324563	Inventario	sen albará	03.01.2017	12.04.2017
F11375	Ecógrafo	SONOSITE	TITAN	03D5WK	211430	Inventario	sen albará	01.01.2013	17.01.2014
F04928	Electrocardiógrafo	HEWLETT PACKARD	PAGEWRITER 300	CND4942586	43188	Inventario	sen albará	31.10.2000	31.10.2000
F11374	Equipo de ecografía	SONOSITE	TITAN			Inventario	sen albará	01.01.2013	17.01.2014
F16134	Grúa de paciente	ARJO	TRIXIE LIFT	GB4798811657006	324570	Inventario	sen albará	03.01.2017	11.04.2017
F14181	Hemofiltro	FRESENIUS MEDICAL CARE	MULTIFILTRATE	3MUG1568	279547	Inventario	sen albará	02.01.2015	01.12.2015
F00301	Instalación de tratamento de auga (Hemodiálise)					Inventario	sen albará	31.10.2000	31.10.2000
F08828	Monitor Multiparamétrico	NIHON KOHDEN	BSM-2301K	2092	279538	Adscrición a favor	sen albará	04.06.2004	16.06.2004
F00335	Ordenador persoal			99-660041	39331	Inventario	sen albará	31.10.2000	31.10.2000
F16135	Pulsioxímetro	COVIDIEN NELLCOR	A7215-1	21MBB1200220	324560	Inventario	sen albará	03.01.2017	11.04.2017
F16154	Reprodutor DVD	SUNTECH	DVP-MX130	N/D	324567	Inventario	sen albará	03.01.2017	12.04.2017
F16099	Cadeira eléctrica de terapia	HEMOTION	TT-005	4079	324542	Cesión de uso a prazo	sen albará	09.03.2017	15.03.2017
F15684	Sistema de aférese	ASAHI KASEI MEDICAL	PLASAUTO SIGMA	80351	305852	Cesión de uso a prazo	sen albará	31.08.2016	16.09.2016
F08897	Sistema de tratamento de auga para diálise					Adscrición a favor	sen albará	05.07.2004	04.08.2004
F16148	Sonda	SONOSITE	HFL38XI/13-6	0483JM	324572	Cesión de uso a prazo	sen albará	11.04.2017	11.04.2017
F15693	Televisor	BLUSENS	H339B32BA	H339B32BA- 0000071	305923	Compra Capítulo VI- 26.09.2016	Albará :602004296 26-09-2016	26.09.2016	27.09.2016
F16144	Tensiómetro dixital	DATASCOPE	DUO	MD04405-K6	279539	Inventario	sen albará	03.01.2017	11.04.2017

ANEXO 2: MOSTRAXE DE ACTIVOS DA UNIDADE DE URXENCIAS DO CHOP

Datos do ben					Etiqueta	Documentación		Datas	
Activo	Denominación	Marca	Modelo	Núm. serie		Adquisición	Recepción	Recepción	Alta en inventario
F01169	Lámpada de quirófano	Heraeus	Hanaulux	-	18734	Alta por inventario inicial do 31.10.2000			31.10.2000
F07697	Respirador de emerxencia portátil	Drager	Oxilog 2000	SRWN-0108	66549	Compra pedido 514596	Albará 200047 (data confirmación 19.12.2005)	19.12.2005	20.02.2006
F08669	Monitor multiparamétrico básico	Philips	Intellivue MP20	DE62222280	149449	Resolución adscrición SSCC expediente SCS19/2006	Alta bens mobles 01.03.2007	01.08.2007	13.03.2007
F08691	Respirador de transporte	Drager	Oxilog 2000	SRYA-0027	149453	Resolución adscrición SSCC expediente SCS26/2006	Acta de recepción 27.12.2006	01.08.2007	05.03.2007
F09590	Electrocardiógrafo	G. Electric	Mac 1200	550035589	178691	Compra pedido 803144	Albará 261886 (data confirmación 06.03.2008)	06.03.2008	04.03.2008
F09588	Electrocardiógrafo	G. Electric	Mac 1200	550033955	178692	Compra pedido 803144	Albará 261886 (data confirmación 06.03.2008)	06.03.2008	04.03.2008
F10323	Desfibrilador	Medtronic	Lifepack 20	3881811	196577	Compra pedido 1005604	Albará 328223 (data de confirmación 03.05.2010)	10.06.2010	10.06.2010
F11747	Desfibrilador c/ monitor	Physio Control	Lifepack 20E	42140361	261250	Compra pedido 1402099	Albará 442929 (data de confirmación 04.03.2014)	04.03.2014	04.03.2014
F02913	Monitor cardíaco	HP	M3046A	DE73101599	271061	Alta por inventario ano 2000			31.10.2000
F05678	Armario princ. Dispensador medicamentos Pyxis	Pyxis	Medstation 2000	-	295053	Solicitud de Lab. Grifols aceptada pola Subdirección de RREE data 19/09/2007	Aceptación da Subdirección de RREE de data 19.09.2007	19.09.2007	19.09.2007
F12791	Frigorífico Medicación dispensador medicamentos Pyxis	Zanusi	-		295054	Solicitud de Lab. Grifols aceptada pola Subdirección de RREE data 19.09.2007	Aceptación da Subdirección de RREE de data 19.09.2007	19.09.2007	19.09.2007
F03608	Frigorífico	Balay	F-6140	938470	314049	Alta por inventario ano 2000			31.10.2000
F04892	Lavacunas	Arjo	Typhoon	251582	51167	Alta por inventario ano 2000			31.10.2000
F05364	Respirador Bipap	Oximesa	Serena	V50507014	51466	Alta bens mobles de data 08/05/2001	Alta firmada responsable unidade de inmovilizado	08.05.2001	08.05.2001
F08698	Respirador Bipap	Respironic	Bipap-visión	125669	149442	Resolución adscrición SSCC expediente SCS26/2006	Acta de Recepción 27.12.2006	01.08.2007	14.08.2007
F08692	Respirador de transporte	Drager	Oxilog 2000	SRYA-0030	149472	Resolución adscrición SSCC expediente SCS26/2006	Acta de Recepción 27.12.2006	01.08.2007	14.08.2007
F09656	Monitor de tensión arterial	Nellcor	Dinamap Procare	AAW08170175SA	178929	Compra pedido 805498	Albará 271964 de data 26.06.2008	24.06.2008	24.06.2008

ALEGACIONES



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

Asunto: Alegacións ao anteproxecto do informe de fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do Servizo Galego de Saúde.

Exercicios: 2015-2016

En contestación ao seu informe de fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do Servizo Galego de Saúde enviado o día 12 de abril de 2018 e rexistro de entrada de 13 de abril, remitimos as alegacións correspondentes.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2018

A directora xeral de Recursos Económicos
(sinatura dixital)

María Jesús Piñeiro Bello

Conselleira Área do Sergas
CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA



Documento firmado digitalmente por:
Piñeiro Bello, María Jesús: 27/04/2018 14:18
K4G4-BOAH-OFJS-A015-2483-1530-646



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

ALEGACIÓNS AO INFORME DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

ANTEPROXECTO INFORME FISCALIZACIÓN DO PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO SERGAS.

EXERCICIOS 2015-2016

Punto III. Contabilidade Patrimonial e Inventario do Sergas.

1.- O Consello de Contas informa ao Sergas que debería realizar anualmente o balance así como a conta de resultados, tamén fai fincapé en que non existe contabilidade financeira restando potencialidade o inventario á hora de coñecer a situación patrimonial do organismo.

Sen embargo recoñece que o Sergas remite anualmente ao Consello de Contas a Conta de Patrimonio, que de por si contén todos o bens e dereitos que forman parte do patrimonio do Sergas.

Dado que este apartado tamén se recolle posteriormente en Conclusións e Recomendacións, pasaremos a dar resposta o final destas alegacións.

2.- Nesta auditoría faise unha comparativa coa Consellería de Facenda onde o *“sistema contable Xumco2 non permite contabilizar ningunha autorización de gasto relativa á adquisición dun ben inmovible sen que previamente se incorpore ao programa de xestión de inventario”*, considerando o Consello de Conta que así existe unha absoluta correlación entre a execución do gasto derivado da adquisición do ben.

Sen embargo, dende o Servizo de Patrimonio, entendemos que a correlación debería ser ao revés, e dicir, primeiro existe a documentación contable conforme se adquiriu e logo se procede ao seu rexistro no Inventario. Ademais tal e como sucede no Sergas a información non é trasladada por medios informáticos se non de forma manual, polo que o proceso é similar ao Sergas pero o revés.

Por iso no Sergas, os servizos de compras, obras ou de mantemento son os que pasan información de forma periódica ao servizo de inventario.

Ademais a maioría das adquisicións de inmovilizado no Sergas refírense a cesión gratuíta de centros de saúde por parte dos concellos, e estas cesións non implican documento contable algún, non podendo haber tal correlación.

2.- O Consello de Contas fai constar en relación á Conta de Patrimonio que *“non consta a información relativa a unidade á que foron asignados os bens móbiles”*, se non que se pasan a nivel de centro de gasto (hospitais e servizos centrais) podemos informar que dita Conta de Patrimonio pode desagregarse ao nivel que estimen conveniente, pero que esta se realiza a nivel hospital, centro de saúde e servizos centrais, todo isto a petición da propia Consellería de Facenda, e temos

recursos.economicos@sergas.es
www.sergas.es
Tel. 881 542 761 - Fax 881 542 762
Edificio Administrativo San Lázaro
c.p. 15703 - Santiago de Compostela - A Coruña

galicia



Dirección Xeral de Recursos Económicos

que facer fincapé que un nivel inferior de desagregación é posible pero pouco práctico, dado que sería incluso por alas hospitalarias e incluso por habitación.

Punto IV.I. Ferramentas Informáticas

O Consello de contas analiza a situación da vinculación dos sistemas de información de contratación e de contabilidade orzamentaria.

Neste punto debemos aclarar que se están a desenvolver diversos sistemas informáticos, aos que o propio Consello de Contas fai referencia, o LOGAS e o MANSIS.

O primeiro referente a compras, subministracións e contabilidade e o segundo o programa de mantemento. Sendo a fase inicial a de conexión entre LOGAS e MANSIS, é dicir que unha vez comprado un equipo que precise de mantemento pase o programa MANSIS de forma automática.

A segunda fase será a renovación do programa de inventario que deberá obter os datos de forma automática de LOGAS (numero de equipos, marca, modelo e prezo) e do MANSIS (numero de serie, etiqueta, garantía, etc.)

Actualmente esta información estase a cargar no programa de inventario de forma manual, esperando nun futuro que a interconexión entre os programas permita unha maior axilidade.

1.- Segundo o Consello de Contas *"O programa A4 permite a realización de descargas de listados en soporte PDF, Word e Excel para a súa posterior análise e explotación, sen que posibilite a súa vinculación cos sistemas de información de contratación e de contabilidade orzamentaria, o que impide a análise e a avaliación de custos e as previsións de novos investimentos, así como a toma de decisións sobre o tipo de operación a empregar na incorporación dos activos (compra venda, arrendamento, etc.), a conveniencia ou non de levar a cabo operacións de renovación, mellora ou reparación dos inmobles ou mesmo o grado de utilización efectivas dos inmovilizados"*

En relación a este apartado podemos estar de acordo en que o programa de inventario está obsoleto, pero non compartimos a opinión do Consello de Contas conforme a falta dos datos necesarios para previsión de novos investimentos, así como a toma de decisións.

No Sergas dispónse doutras ferramentas como o SIAC (sistema de información de análises complexos) o cal recolle toda a información tanto de Recursos Humanos, Recursos Económicos, e Asistencias, que permite saber o grado de utilización de determinados equipos, permite a compartiva de centros, os gastos por concepto, etc.

A maiores, o MANSIS recolle a información de mantemento dos equipos, información necesaria para saber se un equipo debe ou non renovarse, ademais doutras ferramentas informáticas que permiten saber o grao de utilización dos equipos e se é rendible facer unha compra ou alugar o equipo pagando por procedemento, como actualmente se está facer en equipamentos de elevada complexidade.

recursos.economicos@sergas.es
www.sergas.es
Tel. 881 542 761 - Fax 881 542 762
Edificio Administrativo San Lázaro
c.p. 15703 - Santiago de Compostela - A Coruña

galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

Pode haber confusión entre os programas que se consideran bases de datos e cargan información con programa que se utiliza para a toma de decisións.

2.- En referencia ao seguimento de aspectos como período de garantía, o custe de mantemento, o tipo de contrato empregado para dito mantemento, e o histórico de reparacións, é o programa MANSIS o encargado desta parte, non o programa de inventario.

IV. 2.1 Documentación Soporte.

En relación ao módulo que permita recoller todas as operacións realizadas cos activos, para trasladar ao sistema contable do organismo mediante o subsistema de enlace contable, e así poder obter a contabilidade financeira do Sergas, consideramos que, estando programado actualmente a modificación dos programas informáticos o custe para poder realizalo neste intre se considera elevado, podendo adaptarse nas solucións nas que se está a traballar.

IV.2.2.2. Xestión de Bens Mobles.

O Consello de Contas fai referencia a que organigrama de xestión é bastante heteroxéneo, sen embargo hai que considerar que a poboación asistencial atendida polas EOxIs é heteroxénea de por si, tanto en distribución como en idade.

Provincias como Ourense e Lugo teñen unha dispersión maior que as provincias de Coruña ou Pontevedra, o que fai que as primeiras teñan un maior número de centros de saúde con menos poboación asinada, sen embargo Pontevedra e a Coruña dispoñen de Hospitais con servizos de referencia para as outras dous provincias. Este e outros, son os motivos de que os servizos, non so os de inventario, sexan xestionados de forma diferente nas EOxIs.

O departamento de inventario nas distintas EOxIs pode integrarse no servizo de compras, de subministración o de mantemento, xa que a maior parte dos datos proceden destes servizos ou incluso poden ter un servizo exclusivo de inventario, se este é moi relevante, como é o caso da EOXI de Vigo coa posta en funcionamento do Álvaro Cunqueiro.

Polo tanto é normal que exista dita heteroxeneidade en canto a organigrama, non así en canto a carga de datos, dado que o programa de inventario é o mesmo para todas as EOxIs.

En relación a que os centros hospitalarios tamén participan na xestión do inventario a través dun responsable de inmovilizado e un responsable de departamento/área, consideramos que pode haber un erro de interpretación. as EOxIs xestionan os hospitais e os centros de saúde, e o seu persoal soe estar situado nos hospitais, polo que entendemos que o responsable de inmovilizado do centro hospitalario é en realidade da EOXI.

IV.2.3.1. Análise do Procedemento e da Documentación Soporte

recursos.economicos@sergas.es
www.sergas.es
Tel. 881 542 761 - Fax 881 542 762
Edificio Administrativo San Lázaro
c.p. 15703 - Santiago de Compostela - A Coruña

galicia



Dirección Xeral de Recursos Económicos

a) Compras descentralizadas.

O Consello de Contas informa *“que en determinados expedientes o prazo transcorrido entre a recepción do ben e o seu rexistro no inventario pode ser superior a 45 días, o que provoca un diferimento no momento de inicio da amortización e que nas adquisicións de fin de exercicio os bens non estean dados de alta no inventario no exercicio que corresponde.”*

Pois ben, este diferimento, e producido na maior parte dos casos, a unha diferenza entre a data real de finalización da obra e a posta en funcionamento do equipamento a instalar na área onde se realizou a obra.

Na Subdirección de Investimentos trátase en todo momento de que a realización dunha obra, como pode ser unha ampliación dun hospital, e a dotación de equipamento necesario para a posta en marcha desa ampliación, se superpoñan en prazo, de forma que unha vez finalizada a obra o equipamento xa este disposto para a súa colocación.

Dito equipamento é, na súa maior parte de alta tecnoloxía, como aparellos de RX, resonancias, camas eléctricas, etc. Polo que abrir a caixa para desembalar o equipo, buscar os datos de referencia, etiquetalo e volver a embalarlo ata a finalización da obra, non é a mellor opción, dado que podería danar os equipos que son de alta precisión.

A experiencia di que é máis operativo esperar á súa posta en funcionamento unha vez acabada a obra polo persoal especializado.

Estás diferencias de máis de 45 días non deberían ter problemas se son no mesmo exercicio, pero e certo que as veces o albará de entrada corresponde a un ano e a alta no inventario ao ano seguinte.

A solución de non realizar a compra do equipo ata que non este rematada a obra, non sería operativa, implicaría incrementar máis o atraso de posta en funcionamento dos servizos.

b) Compras centralizadas.

O Consello de Contas informa de que *“non existe constancia documental da remisión dos bens asignados á EOXI por parte da Dirección Xeral de Recursos Económicos, nin tampouco figuran os albaráns.”*

Pode ser esta unha información trasladada por algunha EOXI, sen embargo solicitada información ao Servizo de Montaxe, facilita diversos correos electrónicos que pasa ao provedor para a entrega dos equipos, e en todos eles figuran en copia adxunta os responsables de inventario ou as Direccións das EOXIS que van a recibir os equipos.

O procedemento é o seguinte:

recursos.economicos@sergas.es
www.sergas.es
Tel. 881 542 761 - Fax 881 542 762
Edificio Administrativo San Lázaro
c.p. 15703 - Santiago de Compostela - A Coruña

galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

- Realizada a compra (normalmente por concurso) por SSCC, comunícase por correo-e ao proveedor, con copia as EOxIs, para que procedan á subministración
- O proveedor procede a entrega da mercancía.
- As EOxIs reciben a mercancía xunto co albará de entrega correspondente.
- Este albarán ou acta de entrega, remítese aos SSCC, onde o Servizo de Montaxe cadra os datos para proceder ao pago, e con este albarán e a factura de pago, o servizo de inventario procede a súa adscripción, cadrando o inventario co orzamento asinado para dita compra.

Así se cadran os datos entre o servizo comprador (non paga ata ter o albarán de recepción da EOxI), a EOxI (non da de alta ata ter o albarán de recepción) e o servizo de inventario (non da autorización de adscripción ata que non está o albarán de alta e a factura).

En relación a que *“determinados bens figuran rexistrados no inventario con anterioridade á data de resolución de adscripción da Dirección Xeral de Recursos Económicos”* isto é posible dado que as EOxIs procuran dar de alta no inventario a mercancía tan pronto teñen a acta de recepción ou albarán de entrega cuberta cos datos do equipo, e así, evitar as diferencias entre a posta en funcionamento e a alta do equipo, evitando o que pasa cando hai atrasos nas obras, como observamos en parágrafos anteriores.

Temos observado que é o mellor xeito de que os datos cadren en tanto non haxa transferencia automática de datos.

c) Doazóns ou cesións gratuítas.

O Consello de Contas expón que *“Non consta a documentación acreditativa da valoración dos bens recibidos en doazón”*

Se os ben son centros de saúde e terreos, a súa documentación acreditativa e a propia escritura de cesión, que ten unha valoración, na maior parte dos casos a do Catastro.

No caso de bens mobles como equipamento electromédico, o doador entrega o equipo sen valoración algunha. Cando é posible, solicítase ao doador que facilite o valor.

En relación ao *“retraso considerable entre a aceptación da doazón e o rexistro do ben no inventario”* dende o ano 2017 estableceuse unha instrución a 4/2017, para que toda doazón antes de ser aceptada pase por autorización da Xerencia do Sergas.

d) Baixas de inventario.

O Consello de Contas neste punto atopa que *“hain determinados supostos nos que a data de baixa se rexistra en inventario antes da autorización da Dirección Xeral de Recursos Económicos”*

Algunhas EOxIs por operatividade proceden a rexistrar as baixas no programa, sacan un listado e posteriormente se envía para a súa validación pola Dirección. Propoñemos mandar unha

recursos.economicos@sergas.es
www.sergas.es
Tel. 881 542 761 - Fax 881 542 762
Edificio Administrativo San Lázaro
c.p. 15703 - Santiago de Compostela - A Coruña

galicia



Dirección Xeral de Recursos Económicos

instrucións as EOXIs conforme carguen as baixas no sistema pero non as validen ata que reciban a autorización de RREE.

IV.3. Análise Cuantitativa do Inventario (Exercicios 2015 e 2016)

No parágrafo 5 expón que *“os elementos non figuran rexistrados polo seu valor contable (non se ten en conta a amortización)”* Considerando que son bens inmoebles, e certo que non procedemos a amortización, en todo caso deberían revalorizarse podemos coller os datos do catastro que procede de vez en cando a unha regularización incrementado o valor do mesmos.

V. Conclusións

2. *“....o programa informático A4 que carece de conexión coas aplicacións empregadas parapedidos (LOGAS) e para mantemento.....(MANSIS), o que non favorece unha xestión áxil e contratada....., así como a toma de decisións....”*

Neste punto, informamos que se está a traballar para que os programas informáticos LOGAS e MANSIS estean conectados, sendo o seguinte paso a conexión co programa de inventario.

En canto ao programa de toma de decisións, podemos facer referencia ao SIAC, (sistema intelixente de análises complexos) o cal obtén os datos de a maioría dos programas do Sergas, estando pendente a conexión co inventario.

En relación ao *“seguimento de períodos de garantía ou os históricos de reparacións”*, estes datos son de referencia para o programa informático MANSIS utilizado para o mantemento dos bens, non sendo necesarios para o programa informático de inventario A4 utilizado para a valoración do patrimonio do Sergas.

3. *“Non existe conexión entre a aplicación A4 co sistema de contabilidade orzamentaria como ocorre na Consellería de Facenda”*

Segundo deducimos polo exposto polo Consello de Contas, en patrimonio de Facenda non permiten contabilizar un A ata que non ten autorización do servizo de patrimonio. Polo que entendemos que no seu intre lles debía ser difícil levar a cabo o inventario da Xunta de Galicia, por iso estableceron este tipo de control.

Consideramos que non é o máis axeitado dar de alta no inventario algo se aínda non se comprou. No Sergas o proceso é a inversa, non se pode dar de alta en inventario un ben sen existir albarán de entrega, acta de recepción ou factura.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Dirección Xeral de Recursos Económicos

4. *"Existe certo retraso entre a recepción dos ben e o seu rexistro no inventario, o que provoca deficiencias na súa amortización."*

Intentarase axustar os prazos entre as datas de finalización dunha obra e a posterior entrega dos bens.

VI. Recomendacións

1. *"Imaxe fiel da situación patrimonial do Sergas"* debería elaborar o balance, a conta de resultado económico-patrimonial e a memoria.

2. *"Sería aconsellable establecer un mecanismo de conexión entre a aplicación de xestión do inventario coas aplicacións do compras e mantemento de activos"*

3. *"Debería arbitrarse un sistema informático que permitise o enlace entre a aplicación da contabilidade orzamentaria do Sergas e a de Xestión de Inventario."*

Procurarase atender as recomendacións do Consello na medida do posible, tendo en conta que algunha recomendación excede as competencias deste organismo, que haberá que coordinar coa Consellería de Facenda.

Estase dando prioridade á conexión entre LOGAS e MANSIS para cumprir coa segunda recomendación.

Polo que respecta á última recomendación e, estando de acordo neste punto, entendemos que debería realizarse ao revés que no Xumco, e sempre de forma automatizada e non manual. Algo que se resolvería coa conexión do LOGAS e MANSIS co inventario, cada compra de capítulo VI ou alta dun equipo que precise mantemento se produza unha comunicación automática ao programa de inventario.

RÉPLICA ÁS ALEGACIÓNS

RÉPLICAS DO CONSELLO DE CONTAS ÁS ALEGACIÓNS FORMULADAS POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE AO ANTEPROXECTO DE INFORME DE FISCALIZACIÓN DO PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO SERGAS, EXERCICIOS 2015-2016

Trámite de alegacións

En cumprimento do disposto no artigo 47 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas aprobado pola Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas o día 23 de febreiro de 2017 (DOG núm. 46, do 7 de marzo de 2017), e mediante escrito da directora xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, remítense alegacións ao informe de fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do Sergas, exercicios 2015-2016.

Con relación ao seu contido e tratamento, independentemente das aclaracións e puntualizacións que en cada caso figuren nas réplicas, cómpre sinalar con carácter xeral que, agás nos casos concretos que así o requiran, non se valoran as alegacións que confirmen deficiencias ou irregularidades sinaladas no informe nin aquelas que expoñan criterios e opinións sen soporte documental ou normativo e non rebatan o contido do informe, ao consistir en meras explicacións ou xustificacións sobre as actuacións da entidade fiscalizada.

Nos supostos nos que se modifica total ou parcialmente o contido dalgún punto do informe, indicárase este feito expresamente mediante nota ao pé de páxina.

As alegacións remitidas fan referencia tanto ao corpo do informe como ás súas conclusións. Tendo en conta que estas últimas constitúen un resumo executivo do informe, as réplicas fórmulanse integrando ambos os dous tipos de alegacións.

Réplicas ás alegacións

Réplica á alegación relativa á epígrafe III. CONTABILIDADE PATRIMONIAL E INVENTARIO DO SERGAS.

A alegación céntrase fundamentalmente na crítica ao sistema de conexión entre o programa de inventario e aplicación de contabilidade orzamentaria (Xumco2) que ten implantado a Consellería de Facenda, sen rebater o que se sinala no anteproxecto de informe sobre a falla de conexión no Sergas entre ambas as dúas aplicacións. Por outra banda explica que a Conta de Patrimonio pódese desagregar ao nivel que se estime pertinente, e que a dita desagregación responde á petición da Consellería de Facenda, constatando que a Conta de Patrimonio non indica a unidade á que quedan adscritos os bens mobles, tal e como se sinala no informe.

A alegación confirma o expresado no informe, polo que este non se modifica.

Réplica á alegación relativa ao punto IV.1. FERRAMENTAS INFORMÁTICAS.

A alegación sinala que está a traballar na conexión entre os programas LOGAS e MANSIS, recoñece que o programa de inventario está obsoleto e afirma que a través das aplicacións MANSIS e SIAC (sistema de información de análises complexos) poden obter a información necesaria para a previsión de novos investimentos así como para a toma de decisións.

A alegación non contradí o expresado no informe, xa que o programa de inventario debería ser a aplicación que subministrara toda a información necesaria para a toma de decisións en relación cos bens inventariables do Sergas, polo que non procede a modificación do texto.

Réplica á alegación relativa ao punto IV.2.1. DOCUMENTACIÓN SOPORTE.

A alegación sinala que en lugar de traballar na conexión do inventario co sistema contable se está procedendo á conexión entre as aplicacións LOGAS e MANSIS e tamén á renovación do programa de inventario para obter os datos automaticamente das aplicacións anteriores.

A alegación confirma o expresado no informe, polo que este non se modifica.

Réplica á alegación relativa ao punto IV.2.2.2. XESTIÓN DE BENS MOBLES.

A alegación xustifica a heteroxeneidade do organigrama de xestión do inventario dos bens mobles na diferente asignación poboacional aos centros, en función da maior dispersión nas provincias de Ourense e Lugo fronte a Pontevedra e A Coruña.

A alegación confirma o expresado no informe, polo que este non se modifica.

Réplica á alegación relativa ao punto IV.2.3.1. ANÁLISE DO PROCEDEMENTO E DA DOCUMENTACIÓN SOPORTE.

No que se refire á dilación na incorporación dos datos ao inventario nas compras descentralizadas, a alegación xustifica o dito retraso en que no momento en que se dan de alta os equipamentos é cando se finaliza a obra onde van estar instalados, ao consideralo máis operativo. En relación coas compras centralizadas a alegación amosa o procedemento que se segue para cadrar os datos entre o servizo comprador e o servizo de inventario, sen que da fiscalización efectuada sobre as EOXIS seleccionadas se teña obtido evidencia ao respecto. Xustifícase que existan bens rexistrados no inventario antes da resolución de adscrición por razóns de operatividade e constátase a observación feita no informe sobre a falla de documentación acreditativa da valoración dos bens recibidos en doazón, que se pretende subsanar cunha instrución ditada en 2017.

A alegación confirma o expresado no informe, polo que este non se modifica.

Réplica á alegación relativa ao punto IV.3. ANÁLISE CUANTITATIVA DO INVENTARIO (EXERCICIOS 2015 E 2016).

A alegación sinala que non se procede á amortización dos bens inmobles coincidindo polo tanto co que sinala o informe.

A alegación confirma o expresado no informe, polo que este non se modifica.

Réplica á alegación relativa ao punto V. CONCLUSIONES.

A alegación informa de que se está a traballar na conexión dos programas LOGAS e MANSIS, para con posterioridade trasladar a información ao sistema de inventario. Por outra banda fai mención ao sistema de conexión que ten establecido a Consellería de Facenda entre o programa contable e o de inventario e manifesta a intención de axustar os prazos entre a recepción dos bens e o seu rexistro en inventario.

A alegación confirma o expresado no informe, polo que este non se modifica.

Réplica á alegación relativa ao punto VI. RECOMENDACIÓNS.

A alegación acepta as recomendacións realizadas no informe e prevé a súa implantación.

A alegación confirma o expresado no informe, polo que este non se modifica.



Consello de Contas
de Galicia



Domingo Fontán nº 7
15702 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 542 216
FAX: 981 542 210
E-mail: secret@ccontasgalicia.es
www.ccontasgalicia.es

MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ, secretaria xeral do Consello de Contas de Galicia,

CERTIFICO:

Que o Pleno do Consello de Contas de Galicia, en sesión que tivo lugar o día 30 de maio de 2018, aprobou o **INFORME DE FISCALIZACIÓN DE PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO SERGAS.**

E para que así conste, expido a presente certificación en Santiago de Compostela a 1 de xuño de 2018.

Visto e prace

O conselleiro maior


Consello de Contas de Galicia
CONSELLEIRO MAIOR
José Antonio Redondo López


Consello de Contas de Galicia
SECRETARIA XERAL